

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 26 DE AGOSTO DE 2010

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e seis de agosto de dous mil dez, baixo a presidencia do señor alcalde en funcións don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona M^a Ángeles Míguez Mouzo e don José Francisco Parceró Rial, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM); e dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita.

Non asisten, con escusa, don Antonio Varela Saavedra, dona Erundina Prado Arcay e dona Carmen Tato Lago, do PSdeG-PSOE, e don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona Verónica M^a Otero López, como secretaria accidental da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, e antes de tratar os asuntos incluídos na orde do día dáse lectura a unha declaración conxunta de todos os grupos políticos. O Sr. presidente explica que se trata dun texto relacionado coa moción do PP que quedou sobre a mesa o pasado mes, sobre a solidariedade coas comarcas mineiras polo tema do Decreto do carbón. Di que xa se comentou na xunta de voceiros e nas comisións informativas do pasado martes que un texto que lles podía servir a todos e que cumpría o obxectivo solidario de pronunciamento que todos pretendían, era o texto que se aprobou por unanimidade na Deputación provincial e, nese sentido, concede a palabra á Sra. secretaria para que dea lectura á declaración.

Declaración institucional dos grupos municipais que integran a corporación municipal do Concello de Cambre ao respecto do R.D.134/2010, de restricións por garantía da subministración

Os grupos políticos con representación no Concello de Cambre, PSdeG-PSOE, PP, BNG, EU-IU, PG e a concelleira non adscrita, presentan a seguinte declaración institucional:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As Centrais Térmicas de Meirama (Cerceda) e As Pontes teñen importantes paradas de produción dende finais do ano 2009. Isto débese, por unha banda, á caída da demanda e, por outra, ao incremento de produción mediante enerxías renovables. Esta situación de non funcionamento agravaríase e prolongaríase pola entrada en vigor do R.D. de restrición por garantía da subministración (Decreto do carbón) que primaría ás centrais que consomen carbón nacional fronte as que consomen carbón de importación.

As ditas paradas das centrais térmicas de Cerceda e As Pontes teñen importantes efectos sobre o tecido produtivo da zona, provocando nalgúns casos o peche de empresas locais e noutros a presentación de EREs para poder paliar a situación. Unha clara mostra desta situación, dificilmente sostible, ponse de manifesto observando a diminución do volume de negocio xerado no contorno con respecto ao que se produciría si se encontrasen en funcionamento.

Podemos dicir que o funcionamento normal das dúas plantas supoñen un consumo de carbón da orde de 5.500.000 Tm (1.500.000 Tm en Cerceda e 4.000.000 Tm nas Pontes), cuxo transporte se fai dende o Porto da Coruña e o Porto exterior de Ferrol respectivamente. Polo feito de non producirse este movemento de carbón pódese estimar unha caída da actividade económica da orde de 40 millóns de euros/ano (11,4 M. no caso de Cerceda e 28,6 M. no das Pontes).

Outras actividades que se realizan nas instalacións e teñen unha repercusión directa sobre o mantemento do nivel de emprego na área de influencia das centrais, afectando incluso aos ingresos da Administración autonómica e a local, contratación con empresas externas, impostos e subministracións supoñen un importe superior aos 60 millóns de euros/ano.

Polo tanto, o total do volume económico perdido (de máis de 100 millóns de euros/ano) resulta suficientemente indicativo da importancia do funcionamento das centrais térmicas de Meirama e As Pontes sobre as economías locais, sen perder de vista que xeran un índice de ocupación externo da orde dos 2.000 postos de traballo/ano (directos e indirectos) nas empresas que subministran e prestan servizos nas instalacións das centrais e as súas auxiliares. Ao que habería que engadir o alto nivel de emprego de persoal propio nas centrais, a maioría do cal reside nas zonas.

Definitivamente, se finalmente entrase en vigor o real decreto citado sen ter en conta as peculiaridades da Comunidade Autónoma Galega, esta situación de non funcionamento

das centrais térmicas de Cerceda e As Pontes, coas súas perdas, prolongaríase durante cinco anos máis, ata o 2014, e implicaría un golpe definitivo ao desenvolvemento económico dos concellos de Cerceda e As Pontes e as súas comarcas, do que sería moi difícil recuperarse.

Polo que, dende o Concello de Cambre faise a seguinte

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

Primeiro: Os membros da corporación do Concello de Cambre, reunidos en pleno, solicitan:

- 1.- O mantemento do emprego directo nas instalacións termoeléctricas da Comunidade Autónoma de Galicia, así como nos ciclos combinados radicados en Galicia.
- 2.- O mantemento da industria auxiliar dependente das ditas instalacións e a actividade portuaria de Ferrol e A Coruña.
- 3.- O mantemento do nivel de actividade á competitividade necesario das instalacións co fin de darlle robustez e fiabilidade ao sistema eléctrico español.
- 4.- Que se teñan en conta as peculiaridades da Comunidade Autónoma Galega e as repercusións socioeconómicas negativas que a entrada en vigor do dito RD tería para As Pontes, Cerceda e as súas comarcas.
- 5.- Que se lles compense ás respectivas empresas por dispoñibilidade garantindo un mínimo de hora anuais co fin de manter o emprego e a actividade económica.
- 6.- Co fin de facer efectivos os apartados anteriores, que se garanta un mínimo do 8% da cota de produción estatal ao carbón de importación, co fin de manter o emprego e a actividade económica tanto nas Pontes como en Cerceda e tamén Sabón.

Segundo: Remítase o presente acordo ao Presidente do Goberno Central, aos grupos parlamentarios das Cortes Xerais, ao Presidente da Xunta de Galicia, aos grupos políticos do Parlamento de Galicia e aos alcaldes dos Concellos de Cerceda e As Pontes.

Trala lectura da declaración, o Sr. presidente manifesta que, entón, dáse por refrendada por unanimidade de todos os grupos e da concelleira non adscrita, e que será transmitida tal e como acordaron.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 29 de xullo de 2010

O Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 29 de xullo de 2010.

Non se formulan alegacións polo que, a corporación, por unanimidade dos dezasete concelleiros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

2º Proposta de modificación do acordo adoptado polo pleno da corporación o 27 de maio de 2010, respecto da creación da Mesa de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero

Vista a proposta da concelleira delegada de Políticas de igualdade e participación da muller, Información e asesoramento da xuventude, Ocio e tempo libre de data 19 de agosto de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Participación Cidadá, Igualdade e Turismo de data 24 de agosto de 2010.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita, e abstéñense os seis concelleiros presentes do PP e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por nove votos a prol, acordou:

Modificar os apartados primeiro e segundo do acordo adoptado polo pleno da corporación na sesión ordinaria de data 27 de maio de 2010, respecto da creación da Mesa de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, que quedarán redactados do seguinte xeito:

“Primeiro: Crear, con carácter permanente, a Mesa de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, como órgano consultivo do Concello de Cambre, co obxecto de coordinar as actuacións na prevención, asistencia e protección ás vítimas de violencia de xénero.

Segundo: A Mesa de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero integrarase polos membros seguintes:

- O alcalde ou persoa en quen delegue*
- A concelleira de Políticas de igualdade e Participación da muller*

- Xefe/a do Servizo ou Unidade de violencia de xénero da Subdelegación do Goberno ou persoa en quen delegue
- A secretaria da corporación ou persoa en quen delegue
- O/a técnico/a que teña asignadas as funcións de Igualdade no Concello de Cambre
- Un/ha traballadora social de Servizos Sociais
- Xefe da Policía Local ou persoa en quen delegue
- O oficial-comandante do posto principal da Garda Civil ou persoa en quen delegue
- Un/ha representante dos centros de saúde
- Un/ha representante do Xulgado de Violencia de Xénero
- Un/ha representante dos CEIPs
- Un/ha representante dos IES
- Un/ha representante do EMUME “equipo muller-menor” da Garda Civil”

3º Mocións

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP. Votan a prol da urxencia os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita, e abstense o concelleiro do GM (PG).

Así pois, a corporación, por dezaseis votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP.

Moción do grupo municipal do PP sobre as liquidacións negativas correspondentes á participación nos ingresos do Estado no ano 2008

Rexistrada de entrada ao núm. 12303 o día 20 de agosto de 2010. Consta do seguinte teor literal:

“O Ministerio de Política Territorial vén de facer públicos os datos relativos á liquidación da participación das entidades locais nos ingresos do Estado correspondentes ao exercicio 2008.

As cantidades que teñen que devolver as entidades locais galegas como consecuencia da liquidación do ano 2008 ascenden a 106.284.655,29 €

Esta situación produciuse como consecuencia da falla de previsión do Goberno de España, presidido polo Sr. Rodríguez Zapatero que, empeñado en negar as consecuencias da crise económica, presentou no ano 2008 uns orzamentos cunhas previsións de ingresos que estaban moi lonxe da realidade.

Agora, no peor momento da crise económica e ao tempo que experimentan unha notable baixada dos seus ingresos, as comunidades autónomas e as corporacións locais van a verse obrigadas á devolución de importantes cantidades como consecuencia dos erros do goberno do Sr. Rodríguez Zapatero.

A esta situación hai que engadir que o Goberno de España continúa incumprindo o seu compromiso de abordar a reforma do financiamento local para garantir o principio de suficiencia das facendas locais.

A reclamación efectuada polo Goberno de España neste momento podería poñer en risco o mantemento dos servizos públicos de titularidade local, razón pola que cómpre solicitar que se deixe sen efecto a liquidación efectuada ou que, no seu defecto, se adíe o pagamento da cantidade a devolver ata que exista un crecemento económico por riba do dous por cento anual nun prazo de dez anos.

Ademais, para garantir a suficiencia financeira das facendas locais, o Goberno do Estado debería garantir, como xa fixo a Xunta de Galicia co Fondo de Cooperación Local no ano 2010, que ningún concello perciba menos ingresos durante o ano 2011 en concepto de participación nos ingresos do Estado que os que ven percibindo durante o ano 2010.

Por todos os motivos expostos, o grupo municipal do Partido Popular de Cambre propónlle ao pleno da corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

Primeiro: Dirixirse ao Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para solicitarlle que deixe sen efecto a liquidación negativa correspondente á participación nos ingresos do Estado do ano 2008 ou que, no seu defecto, se adíe o pagamento da cantidade a devolver ata que exista un crecemento económico por riba do dous por cento anual nun prazo de dez anos.

Segundo: Dirixirse ao Ministerio de Política Territorial para que o Goberno de España adopte unha medida tendente a garantir que os ingresos que percibirán as entidades locais durante o ano 2011 en concepto de participación nos ingresos do Estado non sexan inferiores que os que veñen percibindo durante o ano 2010, tal e como ten realizado a Xunta de Galicia co Fondo de Cooperación Local durante o ano 2010.”

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo considera que este é un problema que está directamente ligado co funcionamento dos concellos e que xa nalgunha ocasión eles teñen presentado unha moción con respecto a isto.

Sinala que, sen estar totalmente en desacordo co contido da moción, cren que os órganos competentes para instar ao Goberno e aos ministerios, deberían ser a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Federación Española de Municipios e Provincias, e que o Concello de Cambre debería instar a eses dous órganos para que sexan eles os que se dirixan aos ministerios competentes e aos órganos competentes, solicitando que deixen sen efecto a devolución do diñeiro, que no caso de Cambre cre que son 390.000 euros.

Cre que os concellos, e así vén sendo habitual durante moitísimos anos, son administracións que están asumindo competencias que non lles corresponden, competencias que deberían asumir tanto deputacións, quizais as menos, como a Xunta de Galicia, como a administración central. Os concellos veñen asumindo esas responsabilidades e gastando cartos das arcas municipais. Son a primeira administración á que se dirixen os cidadáns, unhas veces para pedirilles que exerzan competencias que lles corresponden, pero outras veces para que fagan cousas que lles corresponden a outras administracións.

Conclúe dicindo que, nese sentido, o financiamento que actualmente teñen os concellos pode asegurar que é menos que hai 25 anos, cre que os recursos que se lles asignan aos concellos son menos que hai 25 anos. Por todo isto, dende EU-IU pensan que o obxectivo debería ser instar tanto a FEGAMP como a FEMP e que sexan estes órganos os que insten ao goberno central e ao ministerio correspondente para que deixe sen efecto o que perfectamente se enumera na moción do Partido Popular.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el está basicamente a prol da moción, con independencia de que se poida poñer no texto do acordo o de que se comunique tamén á FEGAMP e á FEMP. Cre que este tema de financiamento dos concellos está en precario e con esta medida aínda llelo poñen peor. Por iso di que está de acordo coa moción e tamén con que se mande á FEGAMP e á FEMP.

Toma a palabra don Henrique Xabier Iglesias Oviedo que, como voceiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo querían facer unha precisión e achegar unha emenda ao texto da moción. Di que as precisións van no sentido de que esta situación vén provocada por un dobre motivo, efectivamente, hai unha erradísima previsión de evolución económica por parte do goberno central que é o que motiva que ao non cumprirse, ao facer o balance final haxa que devolver diñeiro que se adiantou de máis, pero que o problema fundamental son os cálculos iniciais e o sistema que se utiliza no Estado para calcular o reparto do diñeiro para os concellos, sistema que, por certo, foi aprobado nas lexislaturas nas que gobernaba o PP en Madrid, foi o modelo que se aprobou, lexitimamente, pero está baseado niso.

Continúa dicindo que eles cren que non se pode atacar soamente unha das consecuencias do problema. Efectivamente teñen un problema agora, cando se lles esixe unha devolución, pero esa devolución está motivada polas dúas cousas, polo erro nas previsións do goberno actual, pero tamén polo sistema de cálculo.

Sinala que é curioso, ademais, como na FEGAMP, na que están todas as forzas políticas, con máis ou menos representación, tense aprobado por unanimidade, en máis dunha ocasión, precisamente dirixirse ao Estado para modificar o sistema de financiamento dos concellos, para que se teñan en conta as características propias dos concellos galegos, xa que, como todo o mundo sabe, a metade dos núcleos de poboación que hai no Estado están en Galicia, dos máis de 60.000 mil que hai, máis de 30.000 están en Galicia, para que se teña en conta a dispersión poboacional, para que se teña en conta a extensión de moitos concellos en relación co número de habitantes, e para que se teña en conta outro factor que é importantísimo, o envellecemento, o aumento disparado de custos que trae a atención socio-sanitaria deste importantísimo colectivo.

Por todo o anterior, di que o que eles queren é que se acepte unha enmenda que vai nese sentido, pero tamén queren salientar outra cuestión que lles parece obvia. Di que están todos de acordo en que os concellos ao final son os que teñen que xestionar cada vez menos recursos e menos diñeiro e dar cada vez máis servizos, pero que non só hai unha administración que ten responsabilidade en darlle financiamento aos concellos, non só é o Estado, senón que tamén a Xunta de Galicia ten que facer achegas, na proporción que lle corresponda, na medida das súas posibilidades, pero ten que achegar tamén, tanto no sistema de financiamento, como no de achega de diñeiro para que as competencias propias que teñen os concellos, ou as competencias que teñen asumidas, como ben comentaban antes, aínda que non sexan deles, vaian adiante.

Nese sentido di que o BNG está de acordo co primeiro punto da moción do PP, pero que lles gustaría que se modificara o segundo punto co seguinte texto:

“Segundo: Instar tanto aos Ministerios de Economía e Política Territorial como á Xunta de Galicia para que se adopten medidas de confección dos orzamentos de 2011 que garantan que os ingresos que percibirán os concellos ao longo do dito ano procedentes de participación nos ingresos ou transferencias do Estado ou da Comunidade Autónoma non serán inferiores aos consignados en 2010, e mesmo asegurarán os incrementos necesarios naquelas partidas vinculadas a políticas sociais relacionadas con competencias locais co obxectivo de manter a calidade dos servizos públicos locais básicos.”

Tamén sinala que lles gustaría que se engadira un terceiro punto co seguinte texto:

Terceiro: Instar ao Goberno central e á Xunta de Galicia a aprobar un novo modelo de financiamento local, de xeito que se modifique o actual sistema de participación nos

ingresos do Estado (PIE), incrementando a asignación aos concellos galegos tendo en conta o maior custo dos servizos en Galicia, derivado da superficie territorial, da dispersión dos núcleos e do envellecemento da poboación, e se propicie a integración plena da transferencia da PIE nos orzamentos da Xunta de Galicia.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo está de acordo e aceptan a emenda.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás sinala que con esta modificación tampouco se recolle nada de instar á FEGAMP e á FEMP.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que tamén se acepta ese punto.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo expón que, entón, trataríase de incluír nun último apartado o acordo de dirixirse á FEGAMP e á FEMP para que faga xestións e teña iniciativas nese sentido, no sentido do texto acordado.

Sometida a votación ordinaria a moción presentada polo PP, coas modificacións propostas polo BNG e EU-IU, votan a prol os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por unanimidade dos dezasete concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Dirixirse ao Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para solicitarlle que deixe sen efecto a liquidación negativa correspondente á participación nos ingresos do Estado do ano 2008 ou que, no seu defecto, se adíe o pagamento da cantidade a devolver ata que exista un crecemento económico por riba do dous por cento anual nun prazo de dez anos.

Segundo: Instar tanto aos ministerios de Economía e Política Territorial como á Xunta de Galicia para que se adopten medidas de confección dos orzamentos de 2011 que garantan que os ingresos que percibirán os concellos ao longo do dito ano procedentes de participación nos ingresos ou transferencias do Estado ou da Comunidade Autónoma non serán inferiores aos consignados en 2010, e mesmo asegurarán os incrementos necesarios naquelas partidas vinculadas a políticas sociais relacionadas con competencias locais co obxectivo de manter a calidade dos servizos públicos locais básicos.

Terceiro: Instar ao Goberno central e á Xunta de Galicia a aprobar un novo modelo de financiamento local, de xeito que se modifique o actual sistema de participación nos ingresos do Estado (PIE), incrementando a asignación aos concellos galegos tendo en conta o maior custo dos servizos en Galicia, derivado da superficie territorial, da

dispersión dos núcleos e do envellecemento da poboación, e se propicie a integración plena da transferencia da PIE nos orzamentos da Xunta de Galicia.

Cuarto: Instar á FEGAMP e á FEMP para que faga xestións e adopte iniciativas no sentido do texto acordado.

4º Informes da Alcaldía

De orde do Sr. presidente, dáse conta pola secretaria accidental da corporación dos seguintes asuntos:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1691, de data 26 de xullo de 2010, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Aprobar a aportación municipal de 23341,00 euros a favor do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade en concepto de doazón municipal para a reconstrución de Haití con cargo á aplicación orzamentaria 2010 2322 48903 “Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade”.

Segundo: Recoñecer obrigas a favor da entidade Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade con CIF G-15629629 por importe de 23341,00 euros así como o seu aboamento a través de transferencia bancaria.

Terceiro: A entidade Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade haberá de xustificar o destino dos fondos presentando a memoria das actuacións desenvolvidas en Haití antes do día 31 de decembro de 2011.

Cuarto: Comunicar a resolución aos servizos económicos e ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para os efectos oportunos.

Quinto: Dar conta ó Pleno da Corporación, na primeira sesión ordinaria que celebre.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1720, de data 3 de agosto de 2010, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Jaime Manuel López Lisnier dende o día 5 ao 13 de agosto do ano 2010, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 29 de xaneiro de 2010.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da concelleira delegada da área de Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e Réxime Interior núm. 1727, de data 4 de agosto de 2010, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Rectificar a resolución número 573 de data 17 de marzo de 2010, na alínea segunda da parte dispositiva respecto da solicitude de subvención do plan concertado, quedando redactado do seguinte xeito:

Aprobar a realización dos programas básicos e específicos dos servizos sociais comunitarios e os programas de servizos sociais especializados, elaborados polos técnicos do departamento de servizos sociais cun presuposto total de 743.220,15 euros, sendo os programas os que a continuación se relacionan:

CONCEPTO	ORZAMENTO TOTAL	SUBVENCIÓN SOLICITADA
AXUDA NO FOGAR (libre concorrencia)	215.960,00 EUROS	137.000,00 EUROS
AXUDA NO FOGAR (valoradas dependencia)	300.736,29 EUROS	220.712,29 EUROS
ACTIVIDADES SS	71.745,65 EUROS	28.738,58 EUROS
EMERXENCIA SOCIAL	55.000,00 EUROS	35.000,00 EUROS
XANTAR SOBRE RODAS	51.000,00 EUROS	30.000,00 EUROS
AXUDA PARA A DEPENDENCIA	8.375,10 EUROS	5.000,00 EUROS
PROGRAMA EDUCACIÓN FAMILIAR	9.000,00 EUROS	3.000,00 EUROS
ACTIVIDADES 3ª IDADE	31.403,11 EUROS	21.700,00 EUROS
TOTAL	743.220,15 EUROS	481.150,87 EUROS

Segundo: Dease conta ao Pleno da Corporación Local na próxima sesión que teña lugar, da presente resolución, isto de conformidade co establecido no artigo 11 punto 1.1, a) das bases que rexen a convocatoria, in fine.”

- Da Resolución do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Educación e Deportes núm. 1725, de data 4 de agosto de 2010, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Aprobar a liquidación do orzamento de 2009 que de seguido se sinala:

Resumo da liquidación do orzamento:

Orzamento de gastos	Euros
Créditos iniciais	16.187.770,06
Modificacións	11.936.137,37

Créditos definitivos	28.123.907,43
Gastos comprometidos	21.824.309,91
Obrigas recoñecidas netas	20.687.653,36
Pagamentos	18.027.376,63
Obrigas pendentes de pago a 31/12	2.660.276,73
Remanentes de crédito	7.436.254,07

Orzamento de ingresos	Euros
Previsións iniciais	16.187.770,06
Modificacións	11.936.137,37
Previsións definitivas	28.123.907,43
Dereitos recoñecidos	19.458.492,86
Dereitos anulados	58.013,24
Dereitos cancelados	0,00
Dereitos recoñecidos netos	19.400.479,62
Recadación neta	16.437.230,50
Dereitos pendentes de cobro a 31/12	2.963.249,12
Exceso de previsión	8.723.427,81

Outros datos resumo:

- debedores pendentes de cobro a 31/12, 3.190.196,23 euros.
- acredores pendentes de pagamento a 31/12, 2.140.652,45 euros.
- resultado orzamentario axustado do exercicio, 158.544,03 euros.
- remanente de tesourería total, 2.538.701,34 euros.
- exceso de financiamento afectado, 1.392.826,20 euros.
- remanente de tesourería para gastos xerais, 1.085.628,79 euros.
- necesidade de financiamento, 890.231,40 euros.
- porcentaxe necesidade de financiamento dos ingresos non financeiros, 4,64 por cento.
- aforro neto, 659.334,37 euros.

Segundo: Comunicar a resolución ó pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1754, de data 11 de agosto de 2010, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Delegar a totalidade de funcións que ostenta esta alcaldía no primeiro tenente de alcalde don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, que as exercerá durante o período anteriormente citado.

Segundo: Notifíquese a presente resolución ao interesado, déase conta á Corporación mediante comunicación escrita ao voceiro de cada grupo político, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do concello.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1824, de data 19 de agosto de 2010, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Fixar como festas locais para o ano 2011 o martes de entroido e o martes 16 de agosto.

Segundo: Déase conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar e remítase a correspondente certificación ao Servizo de Relacións Laborais, Departamento Territorial da Coruña, da Consellería de Traballo e Benestar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1825, de data 20 de agosto de 2010, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Carmen Tato Lago dende o día 23 ao 27 de agosto do ano 2010, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 29 de xaneiro de 2010.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

Toma a palabra o Sr. presidente para manifestar que, antes de continuar co seguinte punto da orde do día, e en relación coa Resolución de Alcaldía na que se aproban os festivos locais para o ano 2011, quere sinalar que, a raíz dunha proposta que fixo EU-IU, a través do seu voceiro, para que se tivera en consideración a posibilidade de que o vindeiro ano fora festivo local o día de San Xoan en vez do martes de entroido, nas comisións informativas do pasado martes acordouse facer unha declaración institucional instando á Xunta de Galicia a que teña en conta esa data para o calendario laboral do vindeiro ano, pero como festividade autonómica, xa que o día de San Xoan, o 24 de xuño, que é unha festa extendida e disfrutada en todo o país, non debería ser o concello, senón a propia Xunta a que a instaure como un dos días festivos no calendario laboral da comunidade autónoma.

Remata dicindo que, se a todos lles parece ben, dirixiranse á Consellería correspondente para que o teña en conta na definición do próximo calendario laboral.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo está a prol de que se faga esa declaración institucional á Xunta de Galicia para que, non só o vindeiro ano, senón todos os vindeiros anos, se marque o día de San Xoan como festivo autonómico, non obstante, aínda apoiando iso, eles manteñen, coas consideracións que apuntaron nas comisións informativas, que o próximo ano debería ser festivo local, xa que cae en venres, é festa en dúas das parroquias do concello, e cre que a xente de Cambre ten demostrado que eses días celebra con gran alegría a noite de San Xoan. Houbo xente que se dirixiu ao seu grupo solicitando que así o manifestaran, e polo tanto, á parte desa declaración que eles apoian, seguen mantendo que para eles debería ser festivo o 24 de xullo de 2011.

5º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 12304 o día 20 de agosto de 2010.

1º Rogamos ao equipo de goberno nos informe de que importe ten que devolver o concello polos ingresos do Estado que se recibiron no 2008.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que, con data 23 de xullo de 2010, hai unha liquidación sobre a participación nos tributos do Estado na que ao Concello de Cambre lle corresponde a devolución de 399.285,82 euros, é dicir, a participación total calculada polo Estado foi de 3.687.848,78, e tiñan entregado a conta 4.087.134,60 euros.

No Boletín Oficial do Estado saíu que estas cantidades habería que devolvelas a partir de xaneiro de 2011, en 48 mensualidades, correspondendo a cada unha destas mensualidades a cantidade de 8.318,46 euros. Di que iso é o que hai, xunto coa reclamación que fixeron na moción de que a medida sexa suspendida.

2º Rogamos nos informen das alegacións realizadas polo Concello de Cambre ao Plan de ordenación do litoral (POL).

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que este plan se aproba inicialmente por unha Orde da Consellería do 23 de xullo de 2010, que saíu publicada o 30 de xullo de 2010 no DOGA, e na que se establecen dous meses de prazo para facer alegacións, a partir do día seguinte da súa publicación. Di que aínda non presentaron as alegacións, que hai prazo ata o 30 de setembro ou 1 de outubro para facelo, e que a arquitecta municipal está estudando o asunto, para ver cales son as alegacións que se presentarán.

3º Rogamos nos informen dos criterios utilizados para a adxudicación do contrato de roza de camiños municipais.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que non está presente a concelleira de Contratación, que non puido asistir a este pleno, pero que os criterios que figuraban no prego eran dous: A) O prezo ofertado á baixa sobre o importe do metro lineal a dobre gabia, que se valoraba ata 60 puntos, e B) O programa de prestación do servizo de conformidade coa documentación achegada segundo a cláusula 10.2, que supoñían 40 puntos sobre o total. Di que eses son os dous criterios que se utilizaron na valoración da adxudicación dos traballos de roza.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, sinala que saíu en prensa a denuncia por parte dunha das empresas participantes na licitación, e gustaríalle que lles aclarase un pouco o tema porque, polo que poñía en prensa, adxudicouse a unha empresa que era 12.000 euros máis cara que a empresa que reclamou

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que hai unha pregunta da concelleira non adscrita nese mesmo sentido, e era onde tiña pensado dar algunha información máis sobre o tema, sobre o informe dos técnicos, pero di que, en todo caso, a iniciativa política neste proceso de contratación partiu da Concellería de Medio Ambiente, Obras e Servizos, que é onde se elabora o prego de condicións por parte do persoal técnico. A partir de aí fíxose un procedemento negociado, pero con publicidade, xa que se puideron presentar todas as empresas que quixeron. Cre que foron cinco as que se presentaron e, a partir de aí, tanto os técnicos de xestión administrativa que levan o departamento de Contratación, como un enxeñeiro técnico municipal, fixeron a valoración, tanto da documentación como da oferta técnica. A valoraron e propuxeron a súa adxudicación. Finalmente, é a concelleira de Cultura e Contratación quen fai a resolución de adxudicación.

Di que efectivamente hai unha empresa que manifestou en prensa o seu desacordo cos criterios utilizados, que ademais presentou un recurso de reposición, pero que, en todo caso, está no seu dereito de facelo se non está de acordo co que estableceron os técnicos, que foron os que valoraron tanto a documentación como a oferta técnica presentada.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que o que falta por explicar é por que no comunicado de prensa que se envía dende o concello se dixo que a decisión foi da mesa de contratación, xa que foi un procedemento negociado sen publicidade que non pasa pola mesa de contratación, e para escorrer o bulto díxose que na mesa de contratación participaban todos os partidos políticos. Di que efectivamente así é, pero que precisamente é unha reivindicación do Partido Popular durante toda a legislatura que este tipo de contratos pasen pola mesa de contratación, e por agora non pasan.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que el non sabe de onde partiu iso, que non é coñecedor de ningún comunicado, e que, evidentemente, se iso o puxo un medio de comunicación, porque pensa que foi un único medio, que non foron todos, algún erro tivo que haber aí, porque, efectivamente, é un procedemento que non vai á mesa de contratación, que queda na súa tramitación intermedia, entre a decisión inicial de sacalo a contratación e a súa adxudicación, nas mans dos servizos técnicos, tanto de Contratación como servizos técnicos de enxeñería, que son os que fan as valoracións e a proposta de adxudicación. Despois, o concelleiro que ten a delegación, ou o alcalde, se fora o caso, firma a resolución.

Sinala que non sabe de onde sairía esa información, que, dende logo, non foi un comunicado do goberno municipal, xa que, evidentemente, é un erro, pero un erro que non saiu en ningún medio propio, senón nun medio de comunicación e terán que preguntarlles a eles.

Don Felipe Andreu Barallobre di que para solucionar este tipo de erros é polo que o PP xa solicitou, e seguirá solicitando, que este tipo de contratos pasen pola mesa de contratación, porque os ollos da oposición seguro que ven máis cousas que os do goberno local.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que seguro que si, pero que de todas maneiras o Sr. Andreu sabe que ten os expedientes completos á súa disposición no momento que os queira ver, e mesmo pode ir falar cos técnicos que elaboraron os informes para que lle expliquen detalladamente como foron as cousas.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 12334 o día 23 de agosto de 2010, xunto coas preguntas.

1º Ante o anuncio de contratación do proxecto de “Rexeneración urbana do campo da feira” de Cambre, feito polo que o noso grupo manifesta a súa satisfacción, ao mesmo tempo queremos destacar a necesidade de habilitar e acondicionar lugares de aparcamento adicional para suplir o existente no mencionado lugar.

Por isto pregamos ao goberno nos informe de que lugares ten previsto acondicionar dunha maneira axeitada para utilizar como aparcamento e así evitar un posible colapso nas estradas e no centro da vila.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que quere aproveitar para informar que está en proceso de adxudicación a redacción do proxecto e que nos vindeiros días terá lugar o acto administrativo de adxudicación. En canto ao problema do aparcamento di que, efectivamente, é un problema serio. Hai unha parte do problema que quedará

solucionado coa estrada do cemiterio, onde vai haber máis de 100 prazas de aparcamento novas que non existían. Di que non lle pode concretar máis, pero que cando estea o Sr. alcalde presente saberá algo máis, porque el estivo e está a facer xestións para poder utilizar algúns dos terreos que non están aínda edificadas, dalgunha das unidades de actuación pendentes no centro de Cambre, para podelos utilizar, polo menos de maneira provisional, mentres non se desenvolvan urbanisticamente esas unidades.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que pensa que están en tempo suficiente como para prever e habilitar uns espazos habilitados para aparcamento, porque se pode producir un caos, tanto no campo da feira, como no centro do pobo, como nas estradas, como xa se vén producindo nestes días. Di que se de verdade se están facendo xestións, para eles e para os veciños serían de grande interese.

2º Paso a nivel O Noceiro.

Pregamos nos informen da situación do proxecto de eliminación do paso a nivel de O Noceiro, ante a proposta de ADIF de construír unha pasarela peonil elevada.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que non hai nova información con respecto ao que xa teñen comentado noutras ocasións. A última información oficial foi do 22 de marzo, cando lles remitiron a copia da acta previa de ocupación de terreos e, de novo, o modelo que querían facer aí. Di que todos saben que o Concello de Cambre presentou unhas alegacións, que ían no mesmo sentido do que solicitaba un grupo de veciños da zona, e que de feito tamén eses veciños as presentaron polo seu lado.

Continúa dicindo que cando se enteraron a través da publicación nos diferentes boletíns de que a obra estaba en proceso de adxudicación, e aínda non lles contestaran ás alegacións, puxéronse dende o concello en contacto con ADIF, coa xestora das infraestruturas ferroviarias, e o que lles comentaron foi que as alegacións ían contestalas, pero que non podían parar o procedemento de contratación da obra e que, en todo caso, sería unha vez adxudicada a obra, cando tanto ADIF como a propia empresa adxudicataria, se poñerían en contacto co concello para estudar a modificación do proxecto de paso a nivel nese camiño do Noceiro, e que, ademais, era probable que lle pediran ao concello como garantía de que logo non houbera voltas atrás, que se fixera unha declaración plenaria respecto do modelo que estaban propoñendo, co fin de garantir o apoio unánime ou maioritario da corporación a esa petición.

Conclúe dicindo que están niso, que agardan que á volta do mes de agosto se poñan en contacto co concello, e que se non é así tentarán chamalos de novo, pero que non teñen ningunha outra novidade ata este momento.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que neste tema hai que ter en conta, sobre todo, a incerteza que teñen os veciños e a súa preocupación, xa que nestes días pasados viña na prensa que, efectivamente, parece ser que ADIF apostaba por unha pasarela por riba da vía.

Di que a el se lle ocorre que por parte do goberno municipal non estaría de máis convocar aos veciños afectados para explicarlles de primeira man como está a situación, para que non se especule se xa está contratado ou se non o está. Pensa que sería unha boa iniciativa que se debería tomar por parte do goberno, algo que o seu grupo, dende logo, apoiaría.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que non hai ningún problema, pero que, en todo caso, con algúns dos veciños hai xa un contacto máis ou menos frecuente, porque preguntan e demais. Non hai ningún inconveniente en reunirse con eles, pero dende hai dous meses ou dous meses e medio, que foi cando tiveron ese último contacto, non teñen nova información que dar. Di que o que si farán en canto pase o mes de agosto, para a vindeira semana, e tentar volver contactar con ADIF e máis coa empresa que resultou adxudicataria.

3º Conservación de parques e xardíns.

O concello ten a obrigaón de controlar o cumprimento das obrigas que corresponden á empresa adxudicataria do mantemento de parques e zonas axardinadas, ante o lamentable estado de deterioración e as carencias na conservación dalgúns parques do concello, o noso grupo fai o seguinte rogo:

Que os responsables do goberno demanden unha maior atención para esixir o cumprimento das obrigas ás empresas adxudicatarias do mantemento das mencionadas infraestruturas.

Que por parte dos técnicos municipais se realice un estudo do estado da totalidade das instalacións de parques e xardíns do concello.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que están de acordo con redobrar esforzos, pero de todas maneiras quere comentar que dende hai seis ou sete meses, a empresa que está levando adiante o mantemento de parques e xardíns, está entregando ao concelleiro responsable e tamén aos servizos técnicos, un informe mensual dos traballos realizados para poder comprobalos á hora de verificar as facturas que lles presentan.

En canto ao estudo do estado da totalidade das instalacións de parques e xardíns, dalgunha maneira está xa feito. Este tema vén tamén máis adiante, nas preguntas doutro grupo, e pode dicir que xa está preparada a parte técnica, o prego técnico de cláusulas

para sacar á licitación o contrato e nese prego técnico vén a relación de todas as instalacións que habería que atender por parte do concello. En todo caso, di que están de acordo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que fala da situación na que están os parques e xardíns porque todo o mundo ten á súa vista que moitos deles teñen diversas carencias. Outra cousa que tamén é interesante, e que imaxina se fará nese estudo dos técnicos, e que se diga cales son os motivos da deterioración, porque hai algúns sitios nos que hai motivos serios que a provocan. O que non pode o concello é estar pagando diñeiro cando ao mellor se poden reparar esas deficiencias.

Rogos de GM (PG) presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 12379 o día 23 de agosto de 2010.

1º Cinco asociacións de veciños, en representación de seis parroquias do Concello de Cambre presentaron por rexistro de entrada o pasado día 11 de agosto, unha proposta de Ordenanza reguladora de actuacións urbanísticas e de servizos comunicadas ante o Concello de Cambre, solicitando que fose incluída na orde do día deste pleno ordinario de agosto, para o seu debate e aprobación.

Rogo que este tema sexa tratado inexcusablemente no próximo pleno ordinario do mes de setembro.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que xa comentaron o tema, tanto en xunta de voceiros como en comisión informativa, e que el mesmo explicou cales eran as intencións do goberno a este respecto. Efectivamente van tomar en consideración a proposta e facela tamén deles, pero marcando uns prazos de tempo que sexan os razoables e posibles para unha cuestión desta evergadura. Xa explicou que non é simplemente elaborar unha ordenanza e aprobalas, senón que hai que dotarse dos medios para poder xestionala, hai que dotala dos medios para poder facer a inspección urbanística necesaria, que nestes momentos, ou non existen ou non están preparados para facela, haberá que dotala tamén dun apartado sancionador e con capacidade por parte do concello para aplicala. E outra cuestión que se necesita ineludiblemente é que os servizos técnicos, xurídicos e de urbanismo analicen, informen e fagan unha proposta que non sexa copiada doutro sitio. A proposta está ben para comezar a traballar, pero hai que adaptada á realidade que ten o Concello de Cambre.

Di que están falando de que sería razoable e optimista pensar que para finais deste ano se poida traer unha proposta de ordenanza neste sentido, antes sería materialmente imposible, porque habería que facer todos os traballos e hai que facelos con rigor se queren que funcione. Se o que queren é aprobar unha ordenanza para non cumprila, como pasa con outras cousas, está ben, pero se o que queren é facer unha cousa rigorosa

e que beneficie á xente, que é do que se trata, hai que facela de maneira rigorosa. Di que o compromiso é poñela na orde de traballo e intentar para finais de ano poder ter unha proposta e, por suposto, discutila cos grupos. En todo caso, considera a iniciativa das asociacións, como unha iniciativa moi positiva e que vai no sentido de mellorar as cousas.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que calquera que escoite ao Sr. Iglesias vai ter a impresión de que o que se trae é algo totalmente innovador. El pensa que o que se pretende é axilizar determinadas licenzas que xa se están dando agora. O que se trata non é de traer aquí ningunha cousa que vaia repercutir dunha forma extraordinaria na organización do concello, posto que el supón que, agora mesmo, cando se dá unha licenza, sexa destas ou doutras, o concello xa está dotado de sistemas de control, para ver se efectivamente se fan as cousas como hai que facelas, de acordo co proxecto, etc., non se está inventando nada.

Continúa dicindo que el non se cre todas esas historias, porque sabe que os informes aquí, segundo para quen sexan, fanse dun día para outro, ou incluso, ás veces, no mesmo día. Di que un exemplo que se lle acorda é que hai dous ou tres anos, no Temple, no paseo marítimo, había un negocio cunhas características similares ás que se enumeran na proposta de ordenanza, que quería abrir unha ventá, e moitos veciños puideron velo, dende logo os políticos si o viron, un veciño que para abrir unha ventá nun negocio de cortinas ou cousas dese tipo, tivo que esperar case 200 días, e cada día que pasaba poñía un cartel dicindo os días que levaba, e de súpeto déuselle a licenza.

El cre que o que hai que ter é interese, non só dicir que teñen un interese desmesurado en axudar aos veciños, en colaborar cos veciños, en facer cousas para os veciños cando son as eleccións, senón que despois hai que practicalo. Hai que darlle máis axilidade a toda esta historia de licenzas e cousas deste tipo, entende que debería ser prioritario, e non entende que sexa necesario agardar catro meses para dicir que se vai traer, porque cando se di que se van facer as cousas de alí a quince días botan seis ou sete meses, ou un ano, entón como se diga que vai tardar catro meses, entón supón que ata a vindeira lexislatura os veciños seguirán sen ter esta ordenanza.

Conclúe pedindo que se poña interese no tema e que non se dilate.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que, como o Sr. Marante sabe, e con todo o respecto do mundo, a el que estean as eleccións aí á volta da esquina, non lle preocupa demasiado, di que el fala o que fala e aí queda.

Di que el, dende logo, leuse a proposta de ordenanza e sabe de que vai todo este tema, non é facer o mesmo que se está facendo agora dunha maneira máis áxil, é cambiar completamente o modelo de xestión das licenzas. O sistema que se utiliza agora, en esencia, pode facerse mal ou ben, é que cando alguén solicita unha licenza, ata que non

presenta toda a documentación e acredita que o que pretende facer vaise facer conforme coas esixencias que se lle piden, de todo tipo, normativas municipais, autonómicas, de industria, do que sexa, non se lle concede a licenza. Son trámites nalgúns casos moi longos, nalgún caso moi lentos, porque a maquinaria non dá para máis, pero iso sería outro problema.

A proposta que se presenta di que faría cambiar completamente o sistema, sería como unha especie de declaración xurada, alguén presenta unha solicitude para facer algo, e esa persoa responsabilízase de que vai actuar conforme á lei. Evidentemente, iso así dito é estupendo, o problema é que é necesario que o concello, que é o que ao final vai outorgar a licenza, teña un servizo de inspección urbanística que comprobe todas e cada unha das licenzas que se dan. Pídelle ao Sr. Marante que se imaxine o que pode ocorrer se eses mecanismos de control e comprobación non están preparados. El pensa que a situación á cal lles pode levar é unha situación peor da que algúns valoran que hai hoxe, por iso dicía que o compromiso está aí, o compromiso de implantar ese novo sistema, que favorecería a todo o mundo, pero hai que facelo con rigor, con todos os informes e estudando ben e poñendo os mecanismos necesarios para que se poidan cumprir, esa é a decisión que adoptou o goberno municipal e así é como se vai facer, e agardan de aquí a finais de ano poder traer unha proposta.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que cada un dálle a versión que quere. Di que el supón que, agora mesmo, para as licenzas que se dan hai unha vixilancia e un control, e que porque se aprobe esta ordenanza non pensa que isto vaia ser o paraíso de que veña aquí todo o mundo a montar negocios, di que oxalá viñeran, pero que non vai ser así, que non é para tanto.

2º Rogo se informe, para cando ten pensado o goberno municipal presentar o proxecto para construción de beirarrúas entre Fabás e A Castellana.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que o proxecto encargárase unha vez que teñan o acordo cos veciños. Di que xa teñen a memoria valorada, é unha memoria que co seu deseño técnico anda arredor dos cen ou cento e pico mil euros. Inclúe a senda peonil, a solución a tres pasos de peóns dende a carpintería ao núcleo do cruceiro, en San Bartolomeu e máis adiante, cerca da autoestrada, e tamén un tramo de saneamento. Di que o día 30, o próximo luns, teñen convocados aos veciños que sería necesario que cederan parte do seu terreo para poder construír a senda e teñen invitado, ademais, á asociación de veciños para que participe. Váiselles explicar o proxecto e o que lles van pedir.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), di que a el tamén lle gustaría velo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que non hai ningún inconveniente.

3º Rogo se informe, das xestións feitas polo goberno municipal, para a instalación dunha marquesiña no alto da Rocha (Anceis) solicitada por decenas de veciños hai máis de 20 meses.

Don José Francisco Parceró Rial contesta que teñen as xestións todas feitas e que só están á espera de que Fomento lles autorice a montala, porque o terreo que hai alí non é do concello. Tan pronto chegue a autorización será montada a marquesiña.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que agarda que polo ben dos veciños de alí, teñan a marquesiña montada antes do inverno.

Rogos da concelleira non adscrita presentados por escrito

Antes de dar lectura aos rogos presentados, dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que lle gustaría facer unha pregunta en relación co rogo presentado polo Partido Galeguista sobre a ordenanza. Di que parece ser que as asociacións de veciños presentaron o escrito por rexistro de entrada o 11 de agosto de 2010, e a ela gustaríalle saber en que data se lle entregou a copia da ordenanza aos demais grupos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que el non lle pode contestar.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín pregunta se foi na Xunta de Voceiros.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que non, que foi distribuída polo persoal do rexistro. Di que el sabe que un día a tiña na súa mesa, pero non lle pode confirmar o día que foi. Sabe que con EU-IU houbo algún problema, e el mesmo facilitoulles unha copia da que tiña, pero ao resto dos grupos non o sabe.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, explica que o seu grupo tivo coñecemento da presentación da ordenanza polos medios de comunicación. O xoves pasado tiveron xunta de voceiros e o responsable de goberno comentoulles sobre a presentación desta ordenanza e explicou, máis ou menos, o mesmo que agora acaba de expoñer. Eles dixeron que non podían debater sobre esta ordenanza porque non a tiñan, así que se puxo en contacto con responsables das asociacións e contestáronlle que as copias da ordenanza foran presentadas no rexistro municipal para cada grupo político, el insistiu en que EU-IU non a tiña, e ao pouco se lle dixo que, efectivamente, que ao seu grupo foi ao único grupo que non se lle enviou. Pedíronlle perdón, dicindo que tiña sido un fallo deles.

Conclúe dicindo que o que quere deixar claro é que EU-IU non tiña esta ordenanza e que llela facilitou o outro día o voceiro do BNG, pero que antes diso eles non tiñan nada co que debater.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín di que ela tamén coñeceu desta proposta pola prensa, e ela si chamou á asociación de veciños e lle confirmaron que presentaran unha copia no rexistro dirixido ao grupo municipal dos non adscritos de Cambre. Comentaron o fallo que tiveran co grupo de EU-IU, pero que ela, no que se basea, é en que cando alguén fai unha proposta por rexistro e pide que esa información, esa documentación, sexa entregada a todos os grupos, ela pregunta se é responsabilidade do concello, do grupo de goberno, que esa documentación chegue ás mans dos grupos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que a concelleira sabe perfectamente que cando polo rexistro municipal, ou vía correo ordinario, entra calquera cousa dirixida a algún concelleiro ou grupo municipal, hai que darlla, é obrigación darlla. Di que el non sabe se ocorreu algún fallo, algún problema, pero en calquera caso comentaranlles ás funcionarias que levan o rexistro municipal que teñan coidado.

Sinala que el o único que lle pode dicir con respecto a esta proposta é que el un día, non sabe cal, a tiña sobre a súa mesa, do que se fixo co resto das copias non ten a máis mínima idea. En todo caso, van zanxar o tema e van ir ao fondo, di que lle van transmitir ao persoal de rexistro que extreme o coidado en mandarlle as cousas ás persoas ás cales van dirixidas, que puido haber algún fallo, pero que o averiguarán.

Conclúe dicindo que, dende logo, non houbo ningunha instrución ao respecto, e que o mesmo que el lle ofreceu copia ao voceiro de EU-IU, tamén lle podía ter dado unha copia a calquera, que non tiña ningún problema.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que a el chegoulle correctamente, que a tiña na oficina da oposición, enriba da mesa, non sabe se o día 11, 12 ou 13, pero que estaba alí.

A continuación, dáse lectura aos rogos da concelleira non adscrita presentados por escrito e rexistrados de entrada ao núm. 12383 o día 23 de agosto de 2010.

1º Rogo se informe sobre as reunións realizadas polo concello sobre o Plan de ordenación do litoral.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que non sabe se houbo algunha reunión interna, algunha reunión técnica, e de supoñer que si, pero que é o Sr. alcalde quen ten a competencia en Urbanismo, e é probable que el, cos técnicos, co arquitecto que está agora en excedencia, ou coa nova arquitecta, fixera algún comentario. Do que si ten coñecemento é dunha reunión á que asistiu acompañando ao Sr. alcalde, á cal foi tamén o arquitecto municipal que está agora en excedencia, co director xeral de Sostibilidade, o Sr. Borobio, na que lles adiantou, antes de que se publicara no DOGA, cales eran un pouco as previsións que había aquí en Cambre.

Di que no pode detallar, porque non o recorda, xa que están falando de hai xa uns tres meses aproximadamente, pero que, en principio, do que se falou alí era de que había coincidencia no que se tiña que recoller ou non con respecto ao territorio de Cambre. Como xa comentou antes nun rogo do PP, está agora mesmo a arquitecta municipal analizando o documento que saíu publicado, e que se lles remitiron tamén de maneira formal, por escrito e en formato dixital, para mirar se van presentar algunha alegación dentro do prazo que remata a finais de setembro, primeiros de outubro.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que ela o dixo porque ten constancia de que outros concellos afectados reuníronse tamén, mediante o Consorcio das Mariñas, e que Cambre non se presentou. Pregunta se está xustificada esa ausencia.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que a concelleira sabe que non é o mesmo a afectación do litoral que ten o Concello de Bergondo, ou o Concello de Sada, ou o de Oleiros, que a que ten o Concello de Cambre, realmente son os tramos do paseo e unha zona, practicamente cen por cen urbana, consolidada, que non vai a modificar absolutamente nada, e o entronque á desembocadura do río, alí na Marisqueira. É un espazo moi pequeno e que está case todo xa ordenado urbanisticamente, dende o punto de vista da cualificación urbanística, é moi pequena a afectación.

Conclúe dicindo que caso distinto é o de Bergondo, Sada, Oleiros, Miño, que si teñen unha liña de costa moi grande e aí si hai unha afectación importante. No caso de Cambre, non, por iso non se promoveron ese tipo de reunións, nin houbo demanda delas tampouco, por afectados.

2º Rogo se informe de cal é o estado da obra do novo colector na zona dos Templarios.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que están traballando nel, que está feito xa o tramo que discorre paralelo ao colexio Porto Faro, un tramo importante, e o tramo que vai polas naves situadas no Muíño, na Barcala. Naquela zona quedalles por facer o entronque na estrada xeral, na estrada da Deputación, e xa van comezar tamén estes días o tramo do paseo, para rematar cara a zona das Palmeiras.

Di que, polo que faláron coa dirección da obra, que é da Xunta de Galicia, da Consellería de Medio Ambiente, están cumprindo ben as previsións, mesmo porque contaban con ter algunha dificultade en canto á aparición de penedo, ou ser afectados por inundacións procedentes da marea e, en principio, en todo ese tramo, que era onde máis medo tiñan, non puideron avanzar moi rápido, pero van a un ritmo bastante adecuado.

3º Rogo se informe de cal é a información que ten o grupo municipal sobre as obras que realizará a Xunta na estrada AC-213, A Telva-Os Campóns.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que a mesma que tiñan no pleno anterior, de maneira oficial a mesma que tiñan no pleno anterior.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, pregunta se segue o concello sen ir á Xunta a preocuparse polo tema das expropiacións.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que naturalmente.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín di que entón seguen sen moverse.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que sen moverse non, que o que está igual é a información.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 12305 o día 20 de agosto de 2010.

1^a Existe algún convenio ou acordo co Concello da Coruña ou algunha entidade social pública ou privada sobre o realoxamento de xitanos do poboado de Penamoa no noso municipio?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que esta é a repetición dun tema que xa saíu, cre que foi no pleno do mes de xuño, e a resposta é que non, non hai ningún convenio nin acordo nin co Concello da Coruña, nin con ningunha entidade, para realoxo de familias xitanas no Concello de Cambre.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, pregunta se tampouco teñen ningún tipo de coñecemento do tema.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que non hai convenio nin acordo con ningunha entidade, nin co Concello da Coruña, para isto non hai ningún. Coñecemento hai porque os Servizos Sociais do Concello de Cambre están ao tanto dese tema, traballan con catro familias que están vivindo na zona do Temple, catro, non vinte, e hai uns procesos de adaptación e uns procesos de inserción sociocomunitaria, e non teñen o máis mínimo problema, están traballando con eles e sen ningún problema.

Conclúe reiterando que non existe ningún convenio ou acordo con entidade ou institución para o realoxo, que era polo que se preguntaba.

Dona M^a Jesús González Roel pregunta se, entón, unicamente hai coñecemento de catro familias no Temple, e non hai coñecemento doutras familias no resto do municipio.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que ningún, que o que el lle está dicindo é o coñecemento que hai, e que con esas catro familias os Servizos Sociais municipais están traballando.

Dona M^a Jesús González Roel di que non son as noticias que teñen eles, pero agradece a resposta.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que el non sabe que noticias teñen, pero sexan do tipo que sexan, calquera cidadán ten dereito a alugar un piso, ou compralo.

Dona M^a Jesús González Roel sinala que o concello tamén ten a obriga de coñecer a xente que se empadrona no municipio.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que cando el comprou a súa casa no Concello de Cambre, non foi ninguén do concello a investigar quen era el, e iso mesmo pasa cos demais.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que cre que este tema non dá para facer tanta demagogia.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo dille que a pregunta está contestada.

Don Felipe Andreu Barallobre sinala que lle parece unha frivolidade o que dixo o Sr. concelleiro, porque as cousas non se están facendo así, porque aínda que o concello parece que non ten coñecemento, noutras parroquias do municipio hai outras familias realoxadas, por iso eles faláron. Di que son vivendas que non se están pagando con diñeiro desas familias, senón que se están pagando con diñeiro dos orzamentos municipais do Concello da Coruña.

El pensa que o Sr. Iglesias comprende, igual que comprenden eles, que hai persoas que, ao mellor polas súas circunstancias, non son persoas que están debidamente inseridas na sociedade, e eles o que pretenden con todo isto é que o concello e os Servizos Sociais do Concello de Cambre poidan facer a súa función, axudar a todas as persoas a que se integren na sociedade se veñen a vivir a este municipio.

O que o PP está reclamando, xa reclamou na prensa e xa reclamou no pleno de xuño, é que se os concelleiros populares están tendo coñecemento deste tema, o goberno municipal tamén debe facer algo, poñerse en contacto co Concello da Coruña para intentar aclarar o tema, polo ben desas familias, polo ben dos veciños de Cambre e polo ben do concello, nada máis, non é cuestión de etnias nin de razas.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que van rematar xa con este asunto, que os Servizos Sociais municipais están en contacto co Concello da Coruña, están atendendo a estas persoas e o que se pregunta é onde está o interese en facer demagogia, porque se realmente o interese fora en colaborar e poder atender algún caso que non estea controlado, detectado e orientado, entón, o que habería que facer, discretamente, é falar cos Servizos Sociais comunitarios para que se lle prestara atención, non soltalo en prensa coa intención única e exclusiva de crear alarma social cun tema que, ademais, é moi sensible, porque todos saben o que está ocorrendo nalgunhas zonas da Coruña e en moitos sitios.

Conclúe dicindo que iso é o que hai, que os Servizos Sociais están traballando con esas familias, son catro as que hai, e non existe ningún convenio ou acordo, esa foi a pregunta que lles fixeron e esa é a pregunta que lles responden.

2ª Ten pensado o goberno local adoptar algunha medida concreta para fomentar a creación de empresas e emprego no municipio?

Dona M^a Ángeles Míguez Mouzo contesta que xa preguntaron por este mesmo tema hai dous meses ou así, e que a resposta é a mesma. O concello ten unha técnica local de emprego que se dedica exclusivamente a asesorar a empresas ou á xente que quere montar empresas, dándolles todas as facilidades que hai, mirando a viabilidade, buscando subvencións, tanto a nivel nacional como autonómico, e informando de todas as subvencións que poidan ter as empresas, incluso asesora en temas como cobrar o subsidio, etc., é dicir, dá todas as facilidades e pon en coñecemento da xente todo o que hai a nivel nacional, autonómico e local.

Supón que vai ser a partir do mes de setembro cando haxa unha maior afluencia no concello, tanto para montar empresas como para asesorar á xente sen emprego. Di que non poden facer máis nada que iso, poñer unha técnica local ao servizo da xente, collendo ofertas e demandas de emprego, poñendo á xente en contacto con aquelas empresas que ofertan prazas e xestionando todas esas ofertas, á parte de dar cos plans de cooperación e máis cos plans de formación, a preparación á xente para que poida integrarse no mercado laboral. É todo o que poden facer, non poden facer máis nada.

Dona M^a Jesús González Roel agradece a contestación, pero di que é a mesma de hai catro ou cinco meses, e que a pregunta era se teñen pensado tomar algunha medida concreta a nivel concello.

Dona M^a Ángeles Míguez Mouzo di que a nivel concello están traballando continuamente, chamando á xente que vén a pedir emprego, chamando seguido e todos os días a empresas que ofertan emprego, e sempre mirando todas as listas que poida haber de desempregados. Di que agora fan máis fincapé posiblemente niso, en poñer en

contacto aos desempregados coas empresas que piden xente, á parte diso, eles non poden crear emprego e o que poden facer é poñer todos os medios ao servizo do cidadán para que este teña coñecemento de como crear unha empresa ou de onde hai un emprego, pero nada máis.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, di que un pouco o motivo desta pregunta foi porque o anterior concelleiro de Economía e Facenda estaba desenvolvendo unha serie de negociacións coa Universidade da Coruña para asinar un convenio con eles. Era un tema complexo, pero que estaba aí, que este mesmo goberno estaba desenvolvendo. Concretamente querían saber se tiñan avanzado nese tema.

Dona M^a Ángeles Míguez Mouzo contesta que nese tema, en principio, non se avanzou nada, quizais debido tamén ao momento que están vivindo, non teñen noticia ningunha deste tema.

3^a Como ten previsto o goberno local realizar as obras de urbanización das unidades de execución 11 (novo centro de saúde) e 4 (Casa de Cultura)?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que o goberno municipal non ten previsto realizar esas obras de urbanización, esas obras de urbanización son responsabilidade, unha das promocións inmobiliarias que están desenvolvendo a unidade de execución número 11, e outra da promotora que vai desenvolver o ámbito de actuación onde se vai instalar a Casa da Cultura.

Di que no caso de que a xunta de compensación da unidade número 11, que é a que está dirixindo iso, deixara algunha parte, só podería ser iso, unha parte, porque a maioría da obra urbanizadora está xa realizada, sen facer, o mecanismo é moi simple, teñen depositados avais polo cen por cen da obra urbanizadora e simplemente o que se faría é executalos, tanto no caso da número 11, como cando empecen na número 4. No caso de que a obra urbanizadora non se faga, hai uns avais depositados polo cen por cen, executáanse e nada máis.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, sinala que o tempo de executar eses avais pode ser de dous, tres, catro, cinco, ..., dez anos, máis ou menos, e pregunta, entón, como teñen pensado a Xunta e o Concello de Cambre iniciar as obras do centro de saúde e da Casa da Cultura, porque ese é o fondo do asunto, porque efectivamente poden executarse os avais, pero poden tardar dez anos en conseguir cobralos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que todos deberían saber que a obra urbanizadora é o primeiro que se fai, outra cousa é que despois, cando se levantan os edificios, non estea rematada, ou non o estea completamente, pero para definir o soar e para definir os servizos que necesitan os edificios que se van facer, o primeiro que hai que facer é precisamente a obra urbanizadora. En todo caso o que pode quedar é

algunha parte sen facer, polo problema que sexa, pero di que el non falaría de problemas cando non existen aínda, di que xa verán, porque, en todo caso, na número 11 o que queda é a parte inferior, facer unha beirarrúa, iso é o que practicamente queda por facer, e un pouco de asfalto nunha rúa lateral, que xa lle dirán a complicación que ten iso. En canto á número 4 está sen empezar a facer, aínda non se empezou a facer nada alí.

Di que xa falarán no seu momento, e que non se preocupen, porque o concello, como calquera institución diante dun proceso urbanizador, ten total competencia e total seguridade de poder sacar adiante as cousas.

Don Felipe Andreu Barallobre di que el pensa que é obriga de todos os responsables políticos anticiparse aos problemas, e non esperar a que haxa os problemas para dar as solucións. Cre que teñen indicios suficientes para poder ir pensando que, probablemente, vaise producir un problema. El non sabe se o Sr. Iglesias, agora mesmo, está en disposición de garantir que a Xunta, cando queira iniciar as obras do novo centro de saúde, o vaia poder facer.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que el cre que si, que si o vai poder facer, pensa que non vai ter problema de ningún tipo. Está de acordo co Sr. Andreu en que os políticos, sobre todo os que teñen responsabilidades, deben adiantarse aos problemas, pensa que é a súa obriga, agora ben, sería interesante que procuraran non inventalos cando non existen. Di que eles van procurar adiantarse aos problemas, e telos controlados, o que non van facer e inventalos, iso que o fagan outros. As obras urbanizadoras da número 11 e da número 4 están garantidas por avais que cubren o cen por cen do seu custo.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 12334 o día 23 de agosto de 2010, xunto cos rogos.

1ª Para cando ten previsto o goberno local entregar aos grupos da oposición o documento do inventario de camiños municipais e a súa data de exposición pública?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que dende Patrimonio lle comentaron que os planos relativos aos camiños públicos municipais xa están entregados pola empresa que estaba facendo ese estudo, a empresa adjudicataria do estudo. Están agora mesmo pendentes de que os técnicos municipais fagan informes sobre a documentación que entregou a empresa, e a partir de aí xa se xeneraría o documento para facer a aprobación inicial e a exposición pública correspondente.

Segundo lle comentaron do departamento de Patrimonio, unha data razoable para que iso estea listo, para poder traelo ao pleno, falalo antes cos grupos, pero traer ao pleno a

aprobación inicial e a posterior exposición pública, pode ser a finais de ano, no mes de decembro.

2ª Espello de seguridade.

O noso grupo ten solicitado en varias ocasións a instalación dun espello de seguridade no lugar na estrada de San Lourenzo A Rocha, nas inmediacións do lugar da Torre.

Tense realizado algún estudo por parte dos técnicos sobre a petición demandada ou non consideran necesaria a instalación?

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, aclara que cre que se trata do camiño 173 do plan viario.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que coñece perfectamente o camiño, e que a vez anterior que o voceiro de EU-IU presentou aquí este asunto, a pesar de que cre que xa foran antes, indicoulle á Policía e aos técnicos que foran mirar, e tamén foi el persoalmente. Nese momento considerouse que non era necesario pola visibilidade, en todo caso, di que, como saberán, o camiño da Torre está recén asfaltado e intentouse dalgunha maneira corrixir aquel encontro tan dificultoso que había, e agora mesmo, tal como está, é posible que sexa necesario o espello, sobre todo porque hai un peche dunha finca, saíndo dese camiño na man esquerda, que está demasiado crecido. Agora si impide a visibilidade do lado de San Lourenzo, do lado que vén de Meixigo.

En todo caso, unha vez que se asfaltou, que foi aproximadamente hai quince días, probablemente se dean instrucións para montalo. Van facer que vaia por alí a Policía e un enxeñeiro municipal para que busquen a mellor colocación, e que se é necesario que se poña.

3ª Que información ten o goberno local respecto do proxecto de construción da Vía Ártabra ao seu paso polo noso concello?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que teñen a información que saíu o pasado mes en prensa. Había un compromiso da Xunta de ter rematado o tramo de Oleiros, a N-VI, pero que quedaba parece que adiado e que non garantía a construción do tramo de unión coa AP-9 e máis coa A-6. Di que iso é o que saben e que non hai ningunha outra información oficial, só eses comentarios que saíron en prensa a raíz dunha visita do conselleiro ás obras do tramo de Oleiros.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que el preguntou precisamente polo que saíu na prensa, que creou unha certa inquedaanza entre os afectados e os veciños. O conselleiro dicía que había que tratar de acadar o máximo consenso en función das alegacións que se tiñan presentado e que se tiñan acordado no

pleno municipal. Como non hai ningún outro tipo de información é polo que eles a demandan ao goberno local, aínda que parece que non existe ningunha.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo expón que o Concello de Cambre presentara unhas alegacións naquel proceso, que foron respaldadas por unanimidade de todos, agora o conselleiro di que vai tentar aproximar posturas, e está na súa man aproximalas, recoller as cuestións que se lle expuxeron dende Cambre, e que se lle expuxeron tamén por algún colectivo veciñal, está na súa man tomar as decisións e facelo.

Preguntas da concelleira non adscrita presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 12384 o día 23 de agosto de 2010.

1ª Están iniciados os expedientes de contratación de mantemento de zonas verdes municipais e o do servizo de abastecemento de auga potable e saneamento?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que están iniciados, pero que están en distintas fases. O procedemento de xardinería quedou deserto por decisión da mesa de contratación o pasado ano, e a enxeñeira técnica municipal quedou encargada de elaborar o novo prego para iniciar a contratación, deixouno listo na parte das prescricións técnicas antes de coller a baixa maternal, e está agora mesmo pendente de que se acheguen as prescricións administrativas para sacalo de novo a contratación. Di que agardan agora, en moi breve espazo de tempo, sacalo a licitación.

Continúa dicindo que, respecto ao expediente da auga e saneamento, o tema é moito máis complexo. Estase na fase, practicamente xa dende o mes de xaneiro, a través dun equipo formado por un enxeñeiro técnico e outro técnico máis, un administrativo de Servizos, de elaborar ou xuntar toda a documentación necesaria para a elaboración do prego técnico. Di que hai algún parón debido a que o Concello de Cambre, para elaborar eses datos, para facer as valoracións pertinentes, necesita documentación ou datos que lle teñen que achegar outras institucións, concretamente o Concello de Culleredo, o Concello de Oleiros e a compañía distribuidora de auga municipal da Coruña (EMALCSA) e nalgún dos casos xa lles reiteraron en varias ocasións que lles faciliten eses datos, porque sen eles é moi difícil facer as valoracións para poder tramitar o prego. Di que esa é a fase na que se está e que agardan en pouco tempo poder ter a valoración do servizo, darlle forma coas prescricións administrativas e podelo sacar a licitación.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, pregunta se, entón, o Sr. Iglesias estalle dicindo que o tema da auga está pendente de que entreguen esa documentación, Culleredo e outros, para seguir traballando.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que el dixo que unha das cuestións que se necesitan para rematar ese traballo e completalo, é documentación que teñen que achegar outras administracións, iso foi o que dixo, non que iso sexa o motivo de que non se saque.

2ª Dende que data están en precario as empresas que actualmente están realizando o servizo de xardinería e abastecemento de auga municipal? Solicitan orzamentos a outras empresas para a realización dos traballos e no caso de que a resposta sexa negativa, en que se basean para que os siga realizando a empresa actual?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que son datos que supón que a concelleira xa coñece, que o mantemento de auga e saneamento cre que está dende o ano 2002 ou 2003, cando rematou o período, e a empresa de xardinería realmente non chegou a ter en vixencia o contrato, porque houbera un intento de contratación alá polo ano 2001 ou 2002, aproximadamente, pero el non sabe que pasaba aquí dentro, xa que non estaba no goberno, pero que houbo informes contradictorios e ao final quedou en precario.

Di que o contrato de xardinería sacouse a licitación o pasado ano e que, por proposta dos técnicos, e por acordo unánime da mesa de contratación, na que están representantes de todas as forzas políticas, quedou deserto e iniciouse de novo unha valoración da que falou no punto anterior.

Con respecto a se para traballos de xardinería ou traballos que teñan que ver con abastecemento ou saneamento se piden orzamentos ou se encargan a outras empresas, por suposto que si. Di que non sabe como se faría antes, pero que agora, traballos de xardinería que non teñen que ver co mantemento, xa que o mantemento segue a facerse en precario e haberá que arranxalo, pero que para outros traballos a maiores estanse pedindo, como sempre, tres ou catro orzamentos, ou en importes maiores, procedementos negociados con anuncio, e se son obras maiores, van a procedementos abertos. Incluso para contratos menores están a pedir orzamentos a outras empresas, para corta de árbores, arranxo de xardíns, ou para facer pequenas ampliacións de abastecementos e saneamentos.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que iso de que o Sr. Iglesias non estaba aquí no 2002,

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo explica que non estaba no goberno.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín di que na lexislatura pasada, si que estaba, e tampouco fixo nada por poñer en orde esta contratación.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que a lexislatura pasada el era concelleiro de Cultura.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín sinala que o concelleiro de Cultura é tamén un concelleiro de Cambre, e que ela no que se basea é que, xa que están traballando en precario, tamén se poden pedir orzamentos a outras empresas para os traballos de mantemento, que como dixo o voceiro de EU-IU, moitas veces están mal feitos, mal realizados.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo pídelle que non cite a unha persoa que non está no uso da palabra, se o dixo o Sr. Luis Taibo, iso é unha opinión. Dille á Sra. concelleira que pensa que xa lle contestou, que para traballos que non teñen que ver co mantemento si se están pedindo orzamentos a outras empresas, e que, de feito, hai traballos que non fan nin Augaservi, nin Orto, relacionados con xardinería ou con temas de abastecemento de auga e de saneamento.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín di que ela estalle preguntando polo mantemento.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que o mantemento están a facelo as mesmas empresas.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín sinala que o fan en precario e que supón que con reparos da Intervención municipal.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo dille que ela estivo dous anos e que ben o sabe.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín responde que por suposto, e que o primeiro que fixo o equipo de goberno naquel momento foi sacar a contratación o expediente que quedou deserto, que sacou a iluminación pública, que tamén estaba en precario, e que sacou o servizo de xardinería que agora segue en precario. Pregunta se de Intervención veñen as facturas con reparos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que iso xa sabe ela que si, que claro que si.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín pregunta se, entón, o equipo de goberno non fai nada por pedir orzamentos, porque ao mellor están pagando de máis.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo dille que o está enguedellando todo.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que está preguntando para que lle informen.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo expón que se algo está en precario, unha empresa, calquera á que lle pidan un orzamento, vai estar en precario tamén. Pregúntalle se lle parece normal que para levar, por exemplo, o mantemento dos bombeos, cada mes, ou cada seis meses, lle pidan orzamento a varias empresas para ver quen o leva eses seis meses, pregúntalle se lle parece normal iso. Di que pedirán os orzamentos cando se trate de, por exemplo, casos como o de hai uns meses cando se puxo un tramo de auga en Samosteiro, nese caso pediron orzamentos a varias empresas, non o fixo Augaservi, ou cando, para unha nova zona axardinada, pediron o orzamento a varias empresas, ou cando hai que curtar unhas árbores que están enfermas, tamén piden orzamentos, non o fai Orto por decreto. Dille que aínda que o fixeran así, o mantemento estaría igual en precario e os informes de Intervención e de Contratación serían con disconformidade.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín di que por suposto, pero que pedindo uns orzamentos, poden saber se están pagando de máis ou non, e buscar unha mellor oferta.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que nin pedindo orzamentos, nin nada, que mentres non se faga o procedemento de contratación, se remate e se adxudique con todas as da lei, estará en precario, sexa a empresa A, a empresa B ou a empresa C. Di que o que van intentar por todos os medios que teñen á súa disposición é que eses contratos se poidan facer o antes posible, e namentres, van seguir levando reparos de Contratación e da Intervención municipal, porque é legal que así sexa, e porque así o veñen facendo durante todo este tempo.

Di que outra cousa distinta, e pide que non se confundan as cousas, é que os informes dos técnicos avalien as facturas e se comprobe que os traballos polos que se paga estean efectivamente executados, que era o que falaban antes do resumo mensual que case todas as empresas de servizos lles están pasando en tema de xardinería, de limpeza viaria, Son os que lles sirven aos técnicos, ao enxeñeiro que lle corresponda, para verificar que o traballo polo que van pagar é un traballo que efectivamente se realizou. Págase por traballo realizado, outra cousa é que, como está en precario, hai informes de disconformidade por parte da Intervención e da Contratación municipal, como ten que ser, ademais.

Conclúe dicindo que procurarán en pouco tempo que cada vez sexan menos os que teñan que solucionar.

3^a Recentemente en prensa informábase de que unha empresa que se tiña presentado para realizar o servizo de roza de camiños municipais, denunciaba irregularidades na súa contratación.

Que explicacións dá o grupo municipal a estas declaracións? Cal foi a causa de que a mesa de contratación desestimara a oferta desta empresa?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que comentaron algo antes xa. En canto á pregunta de que explicacións dan a estas declaracións, haberá que preguntarlle á empresa que as fai, eles dende logo non lle dan ningunha explicación a esas declaracións, outra cousa é que si que comprenden que presentaran un recurso se non estaban de acordo, presentaron un recurso de reposición contra a adxudicación provisional, e resolverase.

En canto á causa de que se desestimara a oferta, o informe técnico di concretamente que Forestal de Pazos presentou unha oferta na que inclúe un IVE do 16%, cando no estudo-valoración realizado polo técnico se aplica o 18%, que é a porcentaxe que estará en vigor, aspecto que se considera suficiente para a descualificación da proposta. Di que ese foi o motivo de que houbera unha empresa que quedou fóra.

Continúa dicindo que a empresa non está de acordo, e se é así el cre que fai ben en presentar ese recurso e incluso en ir ao contencioso se ese recurso non é estimado. Di que está no seu dereito e que para iso están as diferentes instancias, para solucionalo, pero que é unha decisión á proposta dos técnicos, como xa dixo antes, na que o goberno non ten absolutamente nada que ver.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, pregunta se esta contratación se levou á mesa de contratación, como se dicía na prensa.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que non, que iso xa se explicou antes, que el non sabe de onde saiu iso, de fontes do goberno municipal non saiu esa información.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e corenta minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Henrique Xabier Iglesias Oviedo

Verónica M^a Otero López